

*RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a distribución entre os distintos tribunais das persoas aspirantes definitivamente admitidas nos procedementos selectivos de ingreso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres (código de procedemento ED001A), convocados mediante a Orde do 5 de decembro de 2022 e anunciada mediante Resolución do 12 de decembro de 2022 (DOG n.º 242, do 22 de decembro)*

Logo de aprobar e facer pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas mediante Resolución do 12 de abril de 2023 e 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e, unha vez nomeados os tribunais que xulgarán o proceso selectivo mediante a Resolución do 11 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, e feita pública a súa composición no Diario Oficial de Galicia (DOG n.º 100, do 29 de maio), tendo en conta que no caso das especialidades en que se nomee máis dun tribunal, o número de prazas será atribuído ás comisións de selección, procede distribuír as persoas aspirantes que corresponde xulgar a cada tribunal, polo cal esta esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Aprobar e facer pública, como anexo I, no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/>, a asignación, aos tribunais que xulgarán os procedementos selectivos de ingreso ao corpo de mestres, das persoas aspirantes definitivamente admitidas, segundo os criterios de distribución establecidos no apartado quinto da base primeira da citada orde de convocatoria.

Segundo.-Aprobar e facer pública, como anexo II, no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/>, a asignación, aos tribunais que xulgarán os procedementos selectivos de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas e de profesores de artes plásticas e deseño, das persoas aspirantes definitivamente admitidas, segundo os criterios de distribución establecidos no apartado quinto da base primeira da citada orde de convocatoria.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

